LUNS 27 MAIO 2019 • ANO XIII - Nº 546 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1.Líder



# UN ASCENSO MADE IN ROCA

O Rácing Villalbés B volve á Liga Galega xuvenil tras impoñerse ao Calasanz B na eliminatoria de campións. Os de Iván Lamas varreron aos herculinos cun 6-2 tras perder na ida por 1-0

## A Liga Galega cadete seguirá facendo escala en Frigsa

A Milagrosa acadou o ansiado punto tras empatar a tres ante o Estrada, nunha agónica última xornada na que os de Madriles chegaron a ir perdendo por un gol a tres na segunda metade do encontro



## A XI Gala Líder será o próximo 10 de xuño no Auditorio Gustavo Freire de Lugo

Esta semana coñecemos os equipos ideais da tempada nas categorías alevín, benxamín e prebenxamín coa publicación das votacións dos diferentes adestradores e capitáns. O vindeiro luns chega a quenda dos mellores equipos da tempada que compiten en categorías superiores

premios líder 2019 fútbol-base lucense

FASES DE ASCENSO

## Burela e Polvorín colleron o camiño máis longo

O Burela perdeu a primeira eliminatoria co Narón polo valor dobre dos goles en campo contrario e o Polvorín non pasou do empate en Montirón. Seguen con vida tamén o Calasancio cadete e o Viveiro infantil


Neira tras superar a un xogador rival por velocidade


Diego Ferreiro conducindo o balón no mediocampo


Sebas controlando o coiro nun lance do encontro

# A bala foi para a Milagrosa na ruleta rusa de Frigsa

## OS LUCENSES, fóra da competición polo valor dobre dos goles en campo rival

> "Gracias a toda la plantilla por el trabajo de toda la temporada y por hacerme sentir de nuevo lo que es el fútbol"
> MANOLO COUSO Milagrosa

**SDC MILAGROSA 6 – 4 NARÓN**

**Goles:** Pedro, Neira (2), Nano e Anxo (2). | **Goles:** Alejandro, Xoan, Marcos e Estevo.




**Arbitro:** Nicolás Elespe, Daniel Rodríguez e Alberto Álvarez **Campo:** Frigsa

Punto e final anticipado para a Milagrosa, un equipo que se gañou a pulso soñar co ascenso desde o inicio de tempada cunha liña regular tanto na primeira fase como na segunda, pero que espertou do soño cun pesadelo en Frigsa no medio dun ambiente de gala.

O 3-1 a un do partido de ida era remontable e de feito a Milagrosa estivo a maioría dos minutos do partido de volta por diante na eliminatoria, ata que o encontro converteuse nunha ruleta rusa na que a bala saíu disparada para a da Milagrosa.


Pedro e un xogador do Narón agardando un centro

Na primeira parte a Mila tivo o partido controlado e atopou vías para crear perigo en ataque, mentres que en defensa mostrou unha solidez que esfumouse tralo paso polos vestiarios ao descanso.

Ao filo do cuarto de hora inicial Pedro inaugurou o marcador e acto seguido Nano rouboulle a carteira ao porteiro e un defensa do Narón para facer o dous a cero. Á media hora chegou a quenda de Anxo, cun desmarque e disparo cruzado co que poñía por primeira vez no partido de volta á Milagrosa por diante na eliminatoria.

O Narón recortou distancias nunha acción illada, pero de novo Anxo levou o marcador ata o 4-1 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte o Narón fixo moi pronto o 4-2 e aí empezaron as dúbidas. A Milagrosa conseguiu responder a cada gol visitante por medio de Neira, autor de dous goles, pero no tempo de desconto un balón colgado á área da Milagrosa terminou cunha serie de rexeites e co esférico no fondo das mallas deixando xeado Frigsa e eliminada á Milagrosa da fase de ascenso.

# O Castro espertou moi cedo do seu soño

## A POSTA EN ESCENA DO AGUIÑO remontou moi pronto o dous a un co que viaxaban os chairegos ao partido de volta

**X. AGUIÑO 4 – 0 CD CASTRO**

**Goles:** Jose, Alejandro, Néstor e Fernando.




**Arbitro:** Julián Buján, Manuel Brion e Ángel Lamas **Campo:** A Tasca, Aguiño

O soño do ascenso do Castro á Liga Galega xuvenil diluíuse demasiado pronto. Os de Brais Prados viaxaron a Aguiño con vantaxe tralo dous a un co que finalizou o encontro de ida, pero aos oito minutos do de volta o Xuventú xa mandaba por dous goles a cero.

A posta en escena local sacou do campo a un Castro ao que lle entraron as dúbidas moi pronto co un a cero cando tan só se disputaran catro minutos. Un gol que chegou tralo primeiro saque de esquina no que un xogador local aproveitou o rexeite para bater a Rodrigo cun golpeo seco.

> "Só lle podo dar as gracias a este grupo por facerme disfrutar deste ano e mellorar como adestrador e persoa día tras día" BRAIS PRADOS CD Castro

**OS MELLORES**

| CD CASTRO | |
|---|---|
| ÓNEGA | ★★★ |
| RAÚL | ★★ |
| DIEGO | ★ |

Sen marxe para a reacción nin practicamente para asimilalo chegou o dous a cero. De novo tras unha acción a balón parado, nesta ocasión cunha falta lateral que a defensa do Castro non logrou despexar.

Aos oito minutos o Xuventú Aguiño xa mandaba na eliminatoria pero Raúl, por partida dobre, estivo a piques de empatar o cruzamento cun disparo desde a frontal que atallou o porteiro local e con outro desde dentro da área.

O Castro parecía que recuperaba o pulso, pero ao filo da media hora o Aguiño asestou un golpe practicamente definitivo á eliminatoria co tres a cero, de novo logo dunha acción a balón parado.

O terceiro foi unha losa demasiado grande na segunda parte para un Castro que encaixou o catro a cero, unha vez máis nunha acción a balón parado, nesta ocasión cun lanzamento de falta directa co que se despediron por completo da fase de ascenso á Liga Galega xuvenil.


Joel a piques de cortar unha acción de ataque rival

# O Rácing Villalbés B volve á Liga Galega xuvenil pola porta grande

## OS CHAIREGOS VARRERON AO CALASANZ cun recital "made in Roca" espectacular



Iago e Martín tralo asubío final do encontro no Roca



Lois bañado en champán por Ánido e Martín



A festa trasladouse a diante do mural de Jorge Tato

| RC VILLALBÉS B | 6 | 2 | CALASANZ B |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Anido, Ángel, Marco, Iago e Martín (2). | | | **Goles:** En propia porta e Eduardo. |




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, Alberto Blanco e Adrián Fernández **Campo:** Estadio Roca

> **"Esto é a consecuencia dun bo proceso semanal de xogadores, nais, pais e adestradores de base deste Club. Noraboa por todo o feito nestes 10 meses"**
>
> IVÁN LAMAS RC Villalbés B

O Rácing Villalbés volve á Liga Galega xuvenil e faino ao grande tras ser campión Provincial e tras varrer ao campión da Coruña, un Calasanz B que gañou no partido de ida por un gol a cero e que conta con xogadores que ascenderon á División de Honra esta tempada. Con todo, aínda que pareza mentira, os herculinos non foron conscientes do que supón xogar no Roca, e menos o partido de volta dunha eliminatoria.

O Villalbés varreu ao Calasanz B e o Roca engulliunos. Dende os primeiros minutos os de Iván Lamas déronlle ao seu rival unha declaración de intencións inaugurando Anido o marcador cando tan só se disputaran sesenta segundos.

Xa coa eliminatoria empatada e sen deixar marxe á reacción visitante, Martín fixo o dous a cero mentres que o capitán Ángel, ao máis puro estilo Puyol, coa cabeza vendada, rematou unha falta lateral para levar o marcador ata o tres a cero deixando en estado de shock a un Calasanz B que perseguía sombras e que encaixou o catro a cero antes de chegar ao descanso por medio



Os manteos e cancións foron constantes na celebración

de Marco.

Os herculinos intentaron espertar no descanso do pesadelo que estaban vivindo, pero o rodillo do Villalbés pasoulles de novo por riba. Á hora de xogo o Rácing xa mandaba por seis a cero cos goles de Iago e Martín, cos que empezou a conta atrás para o inicio da festa do ascenso sobre o céspede do Estadio Roca.



# O Polvorín usa o comodín

## OS DE CABALLERO CAEN Á REPESCA, onde xa agarda o Conxo Santiago, tras dala cara ante un Compostela que xa é de Liga Galega

**EF POLVORÍN 0 – 0 COMPOSTELA**

EF Polvorín: Lucas; Lombardero, Dylan (Álex), Fer, Raúl; Andrés (Ignacio), Manu C. (Alberto D.), Álex F., Óscar; Nico (Samuel), Dhomi (Pedro), Cristian.

Compostela: Hugo (Sánchez); Manuel, Rubén, Iker, Martín, Iker; Pedro (Andel), Xoel; Uxío (Jairo), Anxo (Gerardo).

**Arbitro:** Luis Lois Carro, Sergio Doval e Borja Millán **Campo:** O Polvorín

**2 RONDAS** debe pasar o Polvorín agora para dalo salto de categoría. O próximo rival será outro equipo de Santiago, nesta ocasión o Conxo



Marcos Lombardero vaise do seu marcador co balón controlado



Lucas coa pelota ante a presión dun xogador compostelán

> “Felicito a todo el equipo por el esfuerzo realizado. Ahora a preparar lo mejor posible el siguiente encuentro que esto no se termina aquí” CABALLERO EF Polvorín

A Liga Galega cadete volverá pasar por Santiago para o Polvorín, que esgotará o comodín que se gañou a pulso por ser Campión Provincial tras caer eliminado polo Compostela na rolda de campións. Agora o Conxo Santiago crúzase no camiño dos de Caballero, que deberán pasar dous eliminatorias para chegar á Liga Galega.

O cruzamento co Compostela viña practicamente sentenciado do encontro de ida en Santiago co tres a cero. Pero lonxe de darse por vencidos, os de Caballero exprimieron as súas opcións cunha posta en escena moi intensa, presionando arriba e buscando un gol nos primeiros minutos que lles metese de novo na pelexa.

Nada máis empezar o encontro Manu Couce amagou co un a cero, pero o seu remate tivo unha magistral resposta do porteiro compostelán e Dhomi, cun disparo pegado ao poste e un balón que se paseou por diante da área pequena sen atopar rematador, tiveron as ocasións máis claras para un Polvorín que, pese a buscalo, non tivo o premio do gol. Pola súa banda o Compostela tamén xerou algunha chegada, pero Dylan estivo moi seguro ao longo dos minutos que estivo no terreo de xogo.

Na segunda parte o Polvorín acusou o esforzo da primeira parte ante un Compostela que soubo xogar á perfección co marcador do encontro de ida para selar o ascenso á Liga Galega cadete co asubío final.

O próximo rival do Polvorín, o Conxo Santiago, pasou esta rolda tras remontar o 1-2 ante o Oza Xuvenil cun 1-3 no partido de volta.

# A vitoria máis amarga posible para unha gran Residencia

**RESIDENCIA 2 – 1 BERTAMIRÁNS B**

Residencia: Iván; Iago (Javi), Jesús, Lomba, Iago; Luis (Óscar), Jairo, Antón, Yago, Iker (Pedro), Alejandro (Raúl), Ramón.

Bertamiráns B: Álex; Jorge (Guille), Christian, Brais G. (Manoel), Samu; Javi, Rubén (Víctor), Yoel (Adrián), Cancio (Penín), Martín.

**Goles:** Martín e Cancio pola Residencia; Ramón polo Bertamiráns B.

> “Agradezo a todos os rapaces o esforzo e deséxolles o mellor de cara á próxima tempada” ADRIÁN VÁZQUEZ SDC Residencia

O valor dobre dos goles en campo contrario apeou da fase de ascenso á Liga Galega cadete á Residencia. Os de Adrián Vázquez foron mellores no computo dos dous encontros e no de volta estiveron por diante na eliminatoria ante o “coco” desta fase de ascenso.

Tralo un a cero do partido de ida no de volta a Residencia minimizou ao Bertamiráns e Martín igualou a eliminatoria co un a cero na primeira parte.

Xa na segunda á Residencia custoulle algo máis crear perigo pero Cancio fixo o dous a cero co que os da Cheda eliminaban a un Bertamiráns que se atopou co gol nunha acción illada e mantívose con vida na recta final ante o asedio en busca do empate por parte dunha Residencia que non tivo o premio que mereceu.

# A falta de pegada evitou que o Ribadeo soñase coa remontada

**SD RIBADEO 0 – 1 BOIRO**

SD Ribadeo: Lois; Luis (Manuel), Gael (Luis), Eloy (Ezequiel), Manuel (Pablo), Pablo (Brian); Andrés (Manu C.), Jorge, Anxo, Martín, Jesús.

Boiro: Aarón; Miguel A., Peña (Lucas), Borja, Brais; Javi Pérez, Del Viso (Diego), Nico (Roi); Moreda (Andina), Samuel (Gabri), Gudes.

**Goles:** Jesús polo Boiro.

**Arbitros:** David Jiménez, Ángel Ron e Manuel Martínez.

> “Felicito ao Boiro pola clasificación e aos meus polo esforzo realizado” SUSO COTO SD Ribadeo

O Boiro espertou do soño do ascenso ao Ribadeo tras impoñerse nunha eliminatoria condicionada polo catro a cero co que finalizou o encontro de ida. O Ribadeo recibiu ao seu rival no Pepe Barrera no encontro de volta, no que a falta de pegada nos últimos metros evitou que os de Suso Coto se adiantasen no marcador na primeira parte e puidesen achegarse un pouco no global da eliminatoria.

Miguel Guedes foi o máis incisivo na primeira parte, con chegadas perigosas por banda e cunha ocasión clara de Javi Pérez cun disparo desde fóra da área. Malia iso ao descanso chegouse co cero a cero inicial e na segunda parte, co cero a un ao cuarto de hora, o encontro e a eliminatoria quedaron vistas para sentenza.

# O Calasancio xogarase o pase no Álex Blanco

## 0-0 NA IDA da primeira eliminatoria das dúas que os separan da Liga Galega

**C. VICTORIA 0 – 0 CALASANCIO**

C. Victoria: Aarón; Adrián (Yoel), Álvaro, Diego, Evan (Noel); Carlos, David (Jorge), Javier; Marcos (Efrén), Rafa, Álex (Iago).

Calasancio: Dani; César (Vila), David, Nico, Rodri (Hugo); Miguel, Iker, Dani Fdez. (Fede); Samu, Adrián, Tagüi.

**Arbitros:** Rubén Extremadura, Pablo González e Manuel Barcia.

**Campo:** Federativo de Coya

> “Esto é unha fase de ascenso e ningúen nos vai regalar nada. Partido completo pola nosa parte, aínda que esperamos non pagar a falta de gol que tivemos” CARLOS FONTAL CP Calasancio

O Calasancio debutou na fase de ascenso á Liga Galega cadete cun empate que terá que facer bo no encontro de volta no Álex Blanco para seguir adiante e meterse na definitiva eliminatoria.

Nos primeiros minutos os dous equipos tivéronse un excesivo respecto, pero aos poucos o Calasancio foi tendo máis protagonismo e as primeiras ocasións chegaron por medio de Miguel con algún lanzamento desde fóra da área con perigo.

Xa na segunda parte Miguel, Dani e Iker fixéronse co centro do campo e o Calasancio foi o principal protagonista do encontro. Aos de Fontal tan só lles faltou a guinda do gol tras xerar claras ocasións ante un rival que se viu superado fisicamente na recta final do encontro. Os monfortinos, agora co factor campo, terán que rematar a faena en casa.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| MIGUEL | ●●● |
| CÉSAR | ●● |
| SAMU | ● |

# O Narón obrigou ao Burela a coller o camiño máis longo

## OS DE JAVI RUIZ TIVERON OPCIÓNS DE ASCENSO, pero agora caen á repesca e teñen dúas eliminatorias por diante

**NARÓN** 2 – 1 **BURELA**
**Gol:** Bruno e Adrián. | **Gol:** Adrián.




**Arbitro:** Amado Alonso Ramos **Campo:** Riio Seco (Narón)

**"Toca levantarse e prepararse para o seguinte reto. Este equipo nunca se rende"** JAVI RUIZ Burela

O Burela tomou o camiño máis longo para o desembarco na Liga Galega infantil. Os de Javi Ruiz gañáronse a pulso o comodín da vida extra na fase de ascenso ao quedar campións provinciais e aínda que buscaron e practicamente tocaron cos dedos o ascenso directo, terán que pasar dous eliminatorias para conseguilo.

O Narón xa é novo equipo da Liga Galega infantil tras gañar a eliminatoria polo valor dobre dos goles en campo contrario. Na ida o Burela impúxose por tres goles a dous, polo que o dous a un da volta dálle o pase ao Narón.

A eliminatoria tivo todos os ingredientes que fan únicos estes encontros. Calidade, tensión –únicamente no deportivo, xa que o comportamento do Burela e Narón ao longo dos dous partidos foi espectacular– e sobre todo emoción, xa que o pase estivo no aire ata o asubío final.

O Burela foi mellor na posta en escena, facéndose co balón e o control do xogo, pero a partir do cuarto de hora inicial o Narón impuxo o seu fútbol directo e inaugurou o marcador tras unha contra e ampliouno ata o dous a cero antes do descanso cun gol olímpico tras saque de esquina.

No descanso Javi Ruiz moveu ficha. Coa entrada de Ramiro pasou a unha defensa de tres e empezou a asediar a portería dun Narón que volveu ter no porteiro ao seu mellor xogador, pero Adrián deulle emoción á recta final co dous a un deixando ao Burela a tan só un gol do ascenso á Liga Galega infantil.


Ramiro trata de facerse cun balón dividido


Fernando tras superar a un rival pegado á banda


O mariñao Adrián nunha acción de ataque do Burela

# Un solitario gol apeou ao Villalbés da fase

**VILLESTRO** 1 – 0 **VILLALBÉS**




**Gol:** González para o Villestro.
**Árbitros:** Luis Pita, Alexandre García, Rodrigo Abelenda.

**"No nos podemos quedar con mal sabor. Temporada fantástica, el objetivo era que los niños mejorasen y lo logramos"**
JANDRO NOVOA
RC Villalbés

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| ÁLEX G. | 1 1 1 |
| NOEL | 1 1 |
| ANXO | 1 |

O Villestro espertou do soño do ascenso a un Rácing Villalbés que mereceu alargalo un pouco máis, como mínimo ata os penaltis para romper a igualdade que se viu tanto no partido de ida como no de volta, no que ao Rácing faltoulle a guinda do gol.

O conxunto que dirixe Jandro Novoa tivo unha boa posta en escena na que non especulou e buscou o gol, dispoñendo Noel das ocasións máis claras, especialmente cun remate que sacou un defensa sobre a liña de gol. Aos poucos o Villestro, tras saír con vida dos primeiros minutos, empezou a ter máis presenza en campo rival e froito diso chegou o único gol do encontro. Un gol con polémica ao reclamar o Villalbés fóra de xogo que o árbitro non sinalou.

Sen poñerse nerviosos nin irse do encontro, o Villalbés volveu á carga tralo descanso con Álex Gimeno como faro no centro do campo. A partir de aí volveron chegar as ocasións, sendo as máis claras a cargo de Carlos ,que ata chegou a regatear ao porteiro local, e xa nos últimos minutos co Villestro encerrado na súa área, o propio Carlos estrelou un balón no largueiro que puido forzar unha máis que merecida tanda de penaltis para o Villalbés.

# Primeiro set e partido no Grand Slam celeste

**SD VIVEIRO** 6 – 0 **ESTRADA**




**Goles:** Lucas, Carlos, Miranda (3) e en propia.
**Árbitros:** Jonathan Losada, Jose Vale, Juan Polo.

**"Ahora toca centrarnos y prepararnos lo mejor posible para para dar el siguiente paso"**
ANTONIO SERRANO
SD Viveiro

**OS MELLORES**

| SD VIVEIRO | |
|---|---|
| MIRANDA | 1 1 1 |
| LUCAS | 1 1 |
| ADRI | 1 |

O Viveiro impúxose por un claro e contundente seis a cero no partido de volta da eliminatoria que lle mediu co Estrada, ao que xa se impuxo por cero a tres na ida, mandando un novo aviso aos seus rivais de que quere este ascenso.

Os de Antonio Serrano gañaron cun set en branco a primeira eliminatoria, pero o Grand Slam do ascenso xógase ao mellor de tres eliminatorias e ao Viveiro quédanlle dous por diante. O seu próximo rival será un equipo que xogou a eliminatoria de campións, o Cambre, que viu como o Victoria de Santiago remontaba no partido de volta o dous a cero co que se impuxeran no encontro de ida.

Ante o Estrada o Viveiro non quixo ningún tipo de sorpresas. O cero a tres do partido de ida podía invitar á relaxación, pero os celestes saltaron ao Marcos Gómez moi enchufados e con dous goles nos primeiros dez minutos converteron o encontro de volta nun adestramento oficial.

O Estrada apenas foi capaz de competir ante un Viveiro que, co paso dos minutos, foi ampliando a diferenza no marcador ata o definitivo seis a cero.

Agora Antonio Serrano ten unha semana por diante para volver a enchufar ao equipo de cara a unha eliminatoria que se presenta moito máis igualada ante o Cambre.

## COPA DEPUTACIÓN INFANTIL

**OITAVOS**
Piringalla 7
RC Villabés B 3

**OITAVOS**
Sagrado C. 4
SD Antas 3

**OITAVOS**
CD Lugo B 6
Palas CD 0

**OITAVOS**
CD Castro 3
CD Foz 5

**CUARTOS**
Piringalla* 1
Sagrado C. 1

**CUARTOS**
CD Lugo B 12
CD Foz 1

**SEMIFINAIS**
Piringalla
CD Lugo B

**FINAL**
08 | 06 | 2019

**SEMIFINAIS**
Lourenzá
SD Ribadeo

**CUARTOS**
Lourenzá 8
Residencia B 3

**CUARTOS**
SD Becerreá 1
SD Ribadeo 5

**OITAVOS**
ED Lourenzá 7
AD Ferroviaria 1

**OITAVOS**
Residencia B 3
Viveiro CF 1

**OITAVOS**
SD Becerreá* 1
SD Sarriana 1

**OITAVOS**
SD Ribadeo 7
EF Polvorín A 0

* Clasificado na quenda de penaltis



Iker a piques de golpear o esférico presionado por Erik



André conduce o balón con velocidade seguido de Aarón



André vaise co balón cara a área tras superar a Fran

# O Lugo B resolveu pola vía máis rápida

**LUGO B 12**
**FOZ 1**

| | |
|---|---|
| Jorge | Maxi |
| Raúl | Xoel |
| Diego | Nacho |
| Álex | Eric |
| Pepe | Dylan |
| Bruno | Raúl |
| Anxo | Nico |
| Iker | Luis |
| Dani | Aarón |
| André | Fran |
| Jose | Roberto |
| Román | Iván |
| Simón | Abraham |
| Bueno | |
| Villa | |
| Yago | |

**Goles:** Iker (3), Diego,Anxo, Dani (2), And're, Jose, Román e Villa polo Lugo B; Aarón polo Foz.

**Arbitro:** Adrián Fernández Teijido.

Anxo inaugurou o marcador para os albivermellos no primeiro minuto do partido, que só tivo unha cor. Aarón anotou o momentáneo 1 a 1 aos cinco minutos, pero o dominio e as ocasións do Lugo B foronse traducindo en goles deixando a eliminatoria sentenciada xa o descanso cun 7-1 no marcador.

> "A seguir entrenando para este ilusionante tramo final de competición"
> ANTÓN MÉNDEZ Lugo B

> "Demasiada diferencia de nivel dos equipos que se reflectiu no xogo e no marcador final"
> MIRANDA Foz

# O Lourenzá ratifica o seu bo momento

**LOURENZÁ 8**
**RESIDENCIA B 3**

| | |
|---|---|
| Fernando | David |
| Santor | Anxo |
| Iago | Moste |
| Antonio | Jorge Carral |
| Lucas | Noel |
| Raúl | Xabi |
| Eduardo | Óscar |
| Huertas | Saúl |
| Tucho | Pedro |
| Román | Santi Vivero |
| Manuel | Cillero |
| Daniel | Aimar |
| Julián | Mateo |
| Luis | Xavi |
| Kevin | |

**Goles:** Eduardo (3), Raúl, Tucho, Román (2) e Manuel polo Lourenzá;

**Arbitro:** Jorge Marful Campos.

O Lourenzá prolonga na Copa a súa boa xeira de resultados na segunda fase, na que non perdeu ningún encontro. Os laurentinos ratificaron o seu bo estado de forma apeando da competición a unha Residencia que disputou o campionato provinvial e fixérono con autoridade. Na primeira metade encarrilaron a vitoria cun 3-1 e na segunda, despois dun tímido intento de reacción dos branquiazuis co 4-2, ampliaron a renda.

> "A pola seguinte eliminatoria, queremos chegar á final"
> MICHAEL Lourenzá

> "O Lourenzá foi superior"
> DIEGO BARREIRO Residencia B

# Lois asinou o pase da Piringalla nos penaltis

**PIRINGALLA 1**
**SAGRADO 1**

| | |
|---|---|
| Lois | Alan |
| Simón | Berto |
| Cela | Pablo López |
| Rubén | S. Emeterio |
| Diego C. | Fran |
| Álex | Dawit |
| Rafa | Rodri |
| Román | Isma |
| Calderón | Hamza |
| Lucas C. | Amin |
| David | Basadre |
| Jesús | Jarno |
| Teo | Manu M. |
| Xián | |

**Goles:** Calderón pola Piringalla; Manu Martínez polo Sagrado Corazón.

**Arbitro:** Iago Castro Peralta.

A Piringalla uniuse ao cadro de semifinalista da Copa tras impoñerse ao Sagrado. Manu Martínez adiantou aos visitantes ao aproveitar un rexeitamento nunha acción a balón parado, pero Calderón igualou o partido para os laranxas na segunda metade levando o partido á quenda de penaltis. Lois detivo dous dos cinco lanzamentos e asinou o pase.

> "Es un mérito enorme llegar a las semifinales de Copa"
> JUAN Piringalla

> "Gran partido y gran año de cada jugador de este grupo"
> ALBERTO PÉREZ Sagrado

# O Ribadeo avanza con paso firme na Copa

**BECERREÁ 1**
**RIBADEO 5**

| | |
|---|---|
| Antón | Marcos |
| Babiac | Adri |
| Claudio | David |
| Sergio | Roi |
| Candela | Brais |
| Alejo | Xavi |
| Martín | Antón |
| Deivid | Sergio |
| Dorado | Migui |
| Andrés | Carlos |
| Carlos | Igna |
| Diego | Ayoub |
| Dani | Kai |
| Álvarez | Diego |
| Adrián | |

**Goles:** Sergio (2), MIgui, Carlos e Kai.

**Arbitro:** MIguel Pin Calvín

O único duelo entre equipos de Provincial rematou con triunfo dos ribadenses que atoparon axiña porta, cun gol de Carlos aos catro minutos e que ampliaron a renda ata o 3-0 antes do descanso. No reinicio, Andrés recurtou distancia e o Becerreá creu nas súas opcións -Carlos mandou unha ao pau- pero Migui pechou todas as portas á reacción.

> "Me quito el sombrero con la temporada que ha hecho mi equipo"
> NICO Becerreá

> "Cando conseguimos tocar o balón rápido xeramos ocasións e decantamos o partido"
> MORO Ribadeo

## COPA DEPUTACIÓN CADETE

**DEZASEISAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Sarriana B | 0 |
| Sagrado C. | 7 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Antas | 0 |
| SD Sarriana | 0 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| AD Ferroviaria | - |
| UD Xove Lago | R. |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| CP Casás | 2 |
| Sagrado C. | 3 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| CD Foz | 4 |
| RC Villalbés B | 1 |

**CUARTOS**
| | |
|---|---|
| Sarriana | 2 |
| Ferroviaria | 0 |

**CUARTOS**
| | |
|---|---|
| Residencia | 1 |
| Sp. Pontenova | 3 |

**SEMIFINAIS**
Sarriana
Sp. Pontenova

**FINAL**
09 | 06 | 2018

**SEMIFINAIS**
Sagrado C.
SD Burela

**CUARTOS**
| | |
|---|---|
| Sagrado* | 2 |
| Foz | 2 |

**CUARTOS**
| | |
|---|---|
| SD Burela* | 2 |
| Monterroso | 2 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| Residencia B | 5 |
| EF Polvorín B | 1 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| SP Pontenova | 3 |
| SD Becerreá | 0 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Burela | 4 |
| Viveiro CF B | 1 |

**OITAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Monterroso | 2 |
| ADC Piringalla | 1 |

**DEZASEISAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Becerreá | - |
| ED Lourenzá | R. |

**DEZASEISAVOS**
| | |
|---|---|
| SD Monterroso | 3 |
| AT. Abuín | 1 |

* Clasificado na quenda de penaltis

# A moeda caeu cara para Sagrado Corazón

**UN 5-4 NA QUENDA DE PENALTIS** decidiu a eliminatoria tras un partido no que o Foz se adiantou dúas veces

| SAGRADO 2 | FOZ 2 |
|---|---|
| Álvaro | Álvaro |
| Quintela | Mateo |
| Losada | Manu |
| Mallo | Jose |
| Carlos | Diego |
| Eder | Álex |
| Samuel | Lucas |
| Jose | Sergio |
| Diego | Pablo |
| David | Abuin |
| Yoni | Ismael |
| Fran | Jose Mari |
| Iago | |
| Aarón | |
| Sergio | |
| Cristian | |

**Goles:** David (2) polo Sagrado e Lucas e Ismael polo Foz.

**Arbitro:** Jose Luis Cabanas Parrado

**"Enhorabuena a mis jugadores por la clasificación. Mucho ánimo a Pablo"**
BRAIS ROZADOS Sagrado

**"Moito ánimo e forza a Pablo"**
BURUNDA Foz

O Sagrado Corazón quedou co pase a semifinais tras impoñerse ao Foz na quenda de penaltis. Fran parou o último lanzamento dos mariñaos e Iago converteu o quinto dos capitalinos, asinando a clasificación. O partido, marcado pola lesión de Pablo no primeiro tramo do partido, rematara con empate a dous. O Foz adiantouse por dúas veces pero o acerto de David, que empezara o partido cun disparo ao poste, igualou o encontro. Nos minutos finais, os visitantes reclamaron un gol "fantasma".


Samuel vaise por velocidade do mariñao Jose


Lucas controlando un balón ante o branquiazul Jose


Mallo faise co esférico defendido por Diego, do Foz

## O Pontenova faise oco entre rivais do Provincial

| RESIDENCIA B 1 | PONTENOVA 3 |
|---|---|
| Juan | Roberto |
| Antón | Leandro |
| Alex Goas | Iker |
| Luis | Dani |
| Rodrigo | Xián |
| Iván | Adrián |
| Nico C. | Esteban |
| Manuel C. | Luis |
| Nico G. | Diego |
| Luis C. | Luis |
| Xoel | Nerea |
| Manuel R. | Hugo |
| Melvin | Mario |
| Óscar | |
| Sergio | |

**Goles:** Nico Corredoira para a Resi. Esteban, Nerea e Hugo para a Pontenova.

**Arbitro:** Iago Castro Peralta.

**"Partido con una parte para cada equipo en el que nosotros aprovechamos mejor las ocasiones"**
MIGUEL CERECEDO Pontenova

O Spórting Pontenova será o único semifinalista que non xogou o Provincial. Os da Mina fixéronse un oco entre os mellores equipos da categoría tras apear da competición á Residencia B. Os branquiazuis adiantáronse cun gol temperán de Nico Corredoira e dispuxeron de ocasións para ir ao descanso con maior renda, pero na segunda metade os visitantes déronlle a volta ao partido exhibindo a pegada que lle faltou ao rival. Esteban igualou o encontro nunha xogada individual. Nerea, rematando unha accion do equipo pola dereita, anotou o 1-2 e Hugo sentenciou a eliminatoria co 1-3, culminando outra xogada por banda, desta vez pola esquerda.

## O Burela curou as feridas co pase á semifinal de Copa

| BURELA 2 | MONTERROSO 2 |
|---|---|
| Lucas | Kevin |
| Balseiro | Roi |
| David Otero | Álex V.V |
| Sergio | Santi |
| Rafa | Jorge |
| Brais | Artai |
| Antonio | Martín R. |
| Alexandre | Raúl |
| Anxo | Isma |
| Dani Jiménez | Gabi |
| Raúl | Louzao |
| Álex | Xes |
| David Orosa | Manu |
| Azael | Diego |
| | Martín P. |

**Goles:** Artai e Martín R. polo Monterroso.

**Arbitro:** Ángel Ron Valle.

**"Non soubemos ler o partido logo de que o rival quedase inxustamente con 9 xogadores. Non fomos merecedores de pasar a eliminatoria"**
RAMIRO CHAVES Burela

**"Esperemos que esta derrota nos sirva de aprendizaxe. No meramente deportivo estivemos a un gran nivel"**
ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

O Burela avanza na Copa tras vencer ao Monterroso, que tivo moi pouca fortuna na Marosa. Un penalti fallado e dúas expulsións rigorosas foi o balance co que remataron a primeira parte na que os locais remataron por diante, 1-0. Pese a todo os de Adrián Vázquez volveron ser mellores na segunda parte e remontaron pero tras facer o máis difícil. No desconto encaixaron un gol en propia meta que forzaba os penaltis. O Burela estivo máis atinado e impúxose por 4-3.

## Un dobrete de Hamza clasifica á Sarriana

| SARRIANA 2 | FERROVIARIA 0 |
|---|---|
| David | Carmelo |
| Michi | Alejandro |
| Barrio | NIco |
| Munir | Ansedee |
| Gallego | Pablo |
| Richi | Alberto |
| Saúl | Javi |
| López | Teo |
| Ayan | David |
| Hamza | Manuel |
| David | Brais |
| Samuel | Lucas |
| Fabio | Martín |
| Cao | Bouchaib |
| Miguel Veiga | Diego |

**Goles:** Hamza (2) para a Sarriana.

**Arbitro:** Aitor Freán Campo.

**"Partido totalmente controlado no que nos faltou acerto de cara á portería"**
EDGAR REDONDO Sarriana

A Sarriana xa é semifinalista de Copa. O equipo de Edgar Redondo clasificouse tras vencer á Ferroviaria na Ribela cun dobrete de Hamza. O dianteiro inaugurou o marcador aos dous minutos tras unha parede con Ayan. O gol puxo por diante aos locais, que seguiron creando ocasións para ampliar a renda aínda que non estiveron acertados.

A dificultade da Sarriana para materializar as ocasións que xenerou, sobre todo na primeira parte, mantivo o partido aberto ata o último minuto no que de novo o 10 sarriao puxo o balón no fondo da rede tras unha acción individual na que se meteu na área e driblou ao porterio para rematar a pracer.

Os da Ribela xogarán a semifinal contra o Spórting Pontenova, un duelo den precedentes esta tempada.

## COPA DEPUTACIÓN XUVENIL

**OITAVOS**
Viveiro CF B 3
Polvorín FC* 3

**OITAVOS**
UD Xove Lago 0
SD Monterroso 2

**CUARTOS**
Polvorín FC 2
Monterroso 1

**CUARTOS**
Lourenzá 4
San Ciprián 2

**OITAVOS**
Lourenzá 2
Becerreá 1

**OITAVOS**
San Ciprián 6
SDC San Roque 2

**SEMIFINAIS**
Polvorín FC
Lourenzá

**FINAL**
08 | 06 | 2018

**SEMIFINAIS**
Sarriana
Residencia B

**OITAVOS**
SD Ribadeo 2
Sagrado C. 1

**OITAVOS**
CD Foz -
SD Sarriana -

**CUARTOS**
SD Ribadeo 2
* SD Sarriana 2

**CUARTOS**
* Residencia B 1
SD Burela 1

**OITAVOS**
Residencia B 5
Palas CD 0

**OITAVOS**
CD Cospeito 2
SD Burela* 2

**DEZASEISAVOS**
Residencia B 4
Quiroga CF 0

**DEZASEISAVOS**
* Palas CD 2
CD Corgo 2

* Clasificado na quenda de penaltis



Toni, Monterroso, protexe o coiro de costas a Dani

# O Polvorín obtivo a clasificación tras un sufrido final ante o Monterroso

| POLVORÍN 2 | MONTERROSO 1 |
|---|---|
| Chipi | Sergio |
| Cobas | Aramburu |
| Gorka | Brandan |
| Rubén | Fran |
| Sebas | Martín |
| Álex | Raúl Antas |
| Alberto | A. Buján |
| Dani | A. García |
| Speedy | Jose |
| Porral | Samuel |
| Iago | Iago |
| Brandon | Toni |
| Iker | Jesús |
| | Ríos |
| | Coto |
| | Plácido |

**Goles:** Alberto e Dani polo Polvorín; Samuel polo Monterroso.

**Arbitro:** Davxxxx

## "Partido complicado que soubemos sacar adiante"
KUBALA Polvorín

## "Finaliza unha temporada na que fomos de menos a máis. Felicito aos xogadores"
BRAIS VÁZQUEZ Monterroso

O Polvorín clasificouse para semifinais tras vencer ao Monterroso nun partido con incertidume ata o asubío final.

A primeira parte foi de cor local. Os amarelos, que se adiantaron aos catro minutos cun gol de Dani, tiveron máis e mellores ocasións na primeira metade, pero o encontro chegou ao descanso cun axustado 2-1 despois de que Samuel marcase o empate para o Monterroso e Alberto, de penalti, volvese poñelos por diante. Sen embargo, na segunda metade, as forzas equilibráronse.

O partido transcorreu sen un dominador claro ata os minutos finais nos que o Monterroso, véndose con posibilidades de igualar o marcador, apurou as súas opcións. No arreón final, Raúl Antas tivo dúas faltas ao borde da área nos que puido levar a eliminatoria a tanda de penaltis.



Sergio trata de despexar ante varios xogadores do Polvorín

# David luciuse na quenda de penaltis e levou á Residencia B ás semifinais

| RESIDENCIA B 1 | BURELA 1 |
|---|---|
| David | Fer |
| Yago | Nico |
| Xabier | Delvis |
| Javier | Borja |
| Roi | Brais |
| Martín | Carlos |
| Jose | Balito |
| Brais | Jairo |
| Álvaro | Savio |
| Miguel | Saúl |
| Vilarín | Silverio |
| Brais | Flavio |
| Alberto | Cristian |

**Goles:** En propia para a Residencia e Silverio para o Burela.

**Arbitro:** Sadoum Bahía Saghair

## "Chegamos aquí grazas ao traballo de toda a temporada. Fomos de menos a máis"
FÉLIX Burela

A Residencia B meteuse nas semifinais da Copa tras apear da competición ao Burela. A quenda de penaltis decidiu un partido  no que os branquiazuis tiveron máis balón pero no que as ocasións estiveron repartidas. Os locais adiantáronse á media hora de partido cun gol en propia meta. Na segunda metade, o Burela, que necesitaba o empate, foi máis incisivo en ataque, con achegamentos á área nos que rondaba o gol. Sen embargo non chegaria ata o minuto oitenta nun saque de esquina no que Silverio aproveitaba un rexeitamento para volver rematar e anotar o 1-1.

No treito final, o partido puido caer para calquera do dous lados. Silverio e Saúl, nun remate dentro da área, puideron darlle a vitoria ao Burela pero a Residencia B tamén tivo boas ocasións para romper o empate.

O marcador non se moveu e o desenlace chegou cos penaltis. O porteiro da Residencia B estivo acertado baixo os paus e levou ao seu equipo ata as semifinais cun 4-1 na tanda.

# Triunfo con apuros do Lourenzá despois de poñerse con 3-1

| LOURENZÁ 4 | SAN CIPRIÁN 2 |
|---|---|
| Pablo | Elías |
| Hermida | D. Luna |
| Barreira | Juan |
| Pablo F. | Pelayo |
| Xoel | Jairo |
| Manuel | David |
| Julián | Nacho |
| Javier | Abraham |
| Diego | Hugo |
| Aarón | Fly |
| Luis | D. Baltar |
| Imad | Dani |
| Moha | |
| Adnan | |
| Óscar Paz | |
| Veiga | |

**Goles:** Diego, Aarón, LUis e Moha polo Lourenzá; Diego Baltar polo San Ciprián.

**Arbitro:** Antonio Javier Lanzos Rey

## "Noraboa ao equipo polo partidazo. Moito ánimo para Adnan"
MICHAEL Lourenzá

## "Desexamos sorte ao Lourenzá e unha pronta recuperación a Adnan"
MADARIAGA San Ciprián

Vitoria do Lourenzá nun partido cun final aberto e marcado pola lesión de ombreiro de Adnan. Os locais foron superiores na primeira parte na que crearon máis ocasións que o San Ciprián pero o encontro chegou con empate a un ao descanso. Na reanudación parecían poñer terra polo medio co 3-1, pero o 3-2 do San Ciprián propiciou un final intenso no que Moha sentenciou a eliminatoria.

# A Sarriana remontou e quedou co botín na sorte dos penaltis

| RIBADEO 2 | SARRIANA 2 |
|---|---|
| Diego | Edgar |
| Javi Paraje | Arias |
| Miguel Yáñez | Pérez |
| Carlos | Anxo |
| Román | Caracas |
| Hugo | Fabián |
| David Cube | Cayuela |
| Jorge | Porral |
| Álex | Manucho |
| Adrián Cube | Vilar |
| Iván García | Abella |
| Manu | Marco |
| Toni | Goyanes |

**Goles:**Jorge e Adrián Cube polo Ribadeo; Fabián e Abella pola Sarriana.

**Arbitro:** Luis Manuel Graña González

## "Final de temporada agridoce, pero contento co rendemento dos xogadores"
SALVA Ribadeo

## "El fútbol siempre es justo. Te devuelve lo merecido"
ALBERTO PÉREZ Sarriana

A Sarriana completa o cadro de semifinalistas de Copa. Os de Alberto Pérez  apearon ao Ribadeo tras igualar un partido que comezaron perdendo 2-0 e impoñéndose na quenda de penaltis, 3-4, con lucimento de Edgar na portería. Adrián Cube e Jorge adiantaron aos ribadenses con goles ao inicio de cada parte, pero Fabián, desde trinta metros, e Abella, tras culminar  unha xogada entre Fabián e Cayuela igualaron o encontro.

# PREMIADOS ALEVÍN XI GALA LÍDER

| PORTEIROS | Pt | DEFENSAS | Pt | MEDIOS | Pt | DIANTEIROS | Pt | ADESTRADORES | Pt | ÁRBITROS | Pt |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **GABRIEL (CD Burela)** | 54 | **XAVI (Residencia)** | 43 | **JOSE (CD Lugo)** | 53 | **ADRIÁN (CD Lugo)** | 34 | **YONI (CD Lugo)** | 40 | **JORGE ESTRAVIZ** | 37 |
| XABI (Stgo. Foz) | 34 | **DAVID (CD Lugo)** | 42 | **AIMAR (Residencia)** | 25 | **MATEO (Residencia)** | 29 | KAISER/GALÁN (Residencia) | 32 | MARIO CORDIDO | 35 |
| CRISTIAN (Residencia) | 24 | RAÚL (CD Lugo) | 19 | **BORJA (SD Burela)** | 24 | SASHA (SD Viveiro) | 27 | JAVI BAAMONDE (Ferro) | 16 | BRENDA LENCE | 29 |
| JAIRO (CD Lugo) | 23 | ÁNGEL (Residencia) | 9 | VILLA (CD Lugo) | 9 | NICOLÁS (Franciscanos) | 16 | FIDI (SD Viveiro) | 14 | ANTÓN LLENDERROZAS | 29 |
| ANXO (Ferroviaria) | 5 | SERGIO C. (Franciscanos) | 8 | LUCAS (Stgo. Foz) | 8 | CHRIS (SD Burela) | 8 | BORJA/FERNANDO (Fran.) | 13 | ALBERTO LAGO | 28 |
| ERIC (SD Viveiro) | 4 | MARTÍN (Ferroviaria) | 7 | MATEO (SD Burela) | 7 | SANDRA (SD Burela) | 7 | DUMI (CD Castro) | 12 | ADRIÁN ESTRAVIZ | 26 |
| – | – | XABI C. (CD Castro) | 6 | LOIS (CD Lugo) | 6 | MATEO (Ferroviaria) | 7 | ARES (SD Burela) | 11 | LUIS VIÑA | 24 |
| – | – | NICO (SD Burela) | 3 | AARÓN (CD Castro) | 4 | JAVI (CD Lugo) | 5 | CRISS (Stgo. Foz) | 6 | – | – |
| – | – | NEREA (Stgo. Foz) | 2 | JOSÉ (CD Castro) | 3 | GABI (Stgo. Foz) | 5 | – | – | – | – |
| – | – | ALEJANDRO (Viveiro) | 2 | MANU (Franciscanos) | 1 | GABI (SD Viveiro) | 3 | – | – | – | – |
| – | – | MAURO (SD Viveiro) | 2 | MATEO (Franciscanos) | 1 | VIDAL (CD Castro) | 1 | – | – | – | – |
| – | – | ÁLEX (SD Burela) | 1 | SAÚL (Franciscanos) | 1 | IAGO (Franciscanos) | 1 | – | – | – | – |
| – | – | – | – | ANDRÉS (Residencia) | 1 | ASIER (Residencia) | 1 | – | – | – | – |
| – | – | – | – | SAÚL (Residencia) | 1 | – | – | – | – | – | – |

| EQUIPOS | Pt | PORTEIROS | DEFENSAS | MEDIOS | DIANTEIROS | ADESTRADORES | Pt | ARBITROS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **ARES** (Adestrador (SD Burela) | 5 | XABI (Stgo. Foz) | XABI C. (CD Castro) | AIMAR (Residencia) | GABI (Stgo. Foz) | KAISER/GALÁN (Resi) | 10 | ADRIÁN ESTRAVIZ |
| | 3 | CRISTIAN (Residencia) | XAVI (Residencia) | JOSE (CD Lugo) | MATEO (Residencia) | YONI (CD Lugo) | 7 | JORGE ESTRAVIZ |
| | 1 | ANXO (Ferroviaria) | ÁNGEL (Residencia) | ANDRÉS (Residencia) | ASIER (Residencia) | JAVI BAAMONDE (Ferro) | 5 | MARIO CORDIDO |
| **SAÚL** (Capitán SD Burela) | 5 | XABI (Stgo. Foz) | XAVI (Residencia) | JOSE (CD Lugo) | ADRIÁN (CD Lugo) | FIDI (SD Viveiro) | 3 | ALBERTO LAGO |
| | 3 | JAIRO (CD Lugo) | DAVID (CD Lugo) | VILLA (CD Lugo) | SASHA (SD Viveiro) | YONI (CD Lugo) | 1 | ANTÓN LLENDERROZAS |
| | 1 | CRISTIAN (Residencia) | ALEJANDRO (Viveiro) | AIMAR (Residencia) | GABI (SD Viveiro) | DUMI (CD Castro) | | |
| DESCANSA: Monterroso | |
| Monterroso - Franciscanos | 0-4 |
| DESCANSA: Valadouro | |
| Valadouro - Monterroso | 0-6 |
| DESCANSA: Franciscanos | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| FRANCISCANOS | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| MONTERROSO S.D. | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| A.C.D. VALADOURO | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

### COPA BENXAMÍN - CORGO GI

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Corgo - Ribadeo C | 3-1 |
| Milagrosa B - Becerreá | 1-5 |
| Milagrosa B - Ribadeo C | 3-1 |
| Becerreá - Corgo | 1-3 |
| Ribadeo C - Becerreá | 0-4 |
| CD Corgo - Milagrosa B | 0-2 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| BECERREÁ | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| CORGO | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| MILAGROSA B | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| RIBADEO | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

### COPA BENX. - FONSAGRADA GIII

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Piringalla A - SD Antas | 0-4 |
| DESCANSA: RC Villalbés B | |
| Villalbés B - Piringalla A | 1-6 |
| DESCANSA: SD Antas | |
| SD Antas - RC Villalbés B | 5-0 |
| DESCANSA: Piringalla A | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| S.D. ANTAS | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| A PIRINGALLA "A" | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| RC VILLALBES "B" | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

### COPA BENXAMÍN - CORGO GII

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Stgo de Foz - Burela SD | 3-4 |
| P. Burela A - Casás | 13-0 |
| P. Burela A - Burela SD | 4-3 |
| Casás - Stgo. de Foz | 2-7 |
| Burela SD - Casás | 10-2 |
| Stgo. de Foz - P. Burela A | 1-1 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| PORTO BURELA | 7 | 3 | 2 | 1 | |
| BURELA SD | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| STGO DE FOZ | 4 | 3 | 1 | 1 | 1 |
| CASÁS | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

**28**

**EQUIPOS PARTICIPANTES** disputaron a primeira fase do torneo de Copa repartidos en catro sedes ao longo da provincia: Sarria, Palas, Fonsagrada e Corgo. Oito lograron a clasificación para a final do campionato, que poñerá o punto e final á temporada

**32**

**PARTIDOS DISPUTADOS** Durante a fin de semana, os equipos disputaron trinta e dous partidos entre os enfrontamentos da ronda previa, en grupos e eliminatorias finais nas que estaban en xogo os billetes para disputar a final de Copa

# Sesión continua de fútbol para elixir aos finalistas

## PIRINGALLA A, CORGO, PORTO DE BURELA A, VIVEIRO A, VILLALBÉS A, FOZ, RESIDENCIA E LUGO B disputarán a final do torneo prebenxamín, que estreou formato

Vintecatro equipos competiron esta fin de semana na primeira fase da Copa, que se disputou en diferentes sedes da provincia.

O campo dos Cerdeiriños acolleu este sábado a disputa dunha das catro concentracións copeiras. Piringalla e Corgo clasificáronse para a final tras quedaren primeiro e segundo nun grupo no que tamén competían Sagrado Corazón B e Monterroso. Os laranxas gañaron os tres partidos disputados.

Outra das citas da xornada estivo na Marosa, onde lograron o pase Porto de Burela e Viveiro A. Tras unha rolda previa con sete equipos divididos en dous grupos, nas eliminatorias os anfitrións impuxéronse á Ferroviaria por 3 a 1 mentres que os celestes protagonizaron un vibrante duelo coa Milagrosa C, un partido de ida e volta con intercambio de ocasións e goles que acabou cun resultado de 8 a 7.

Para o domingo quedaron as sedes de Vilalba e Lugo. Na Magdalena viviuse unha das finais máis axustadas entre Santiago de Foz e Milagrosa na que se impuxeron os de Asier por un gol de diferenza. Na outra eliminatoria, o anfitrión, o Rácing Villalbés A, impúxose ao Ribadeo por tres a cero.

Na Cheda tamén se impuxo o factor cancha. A Residencia A, en boa forma no tramo final de temporada, non deu opcións ao Rácing Villalbés B ao que venceu por seis a cero. Na outra eliminatoria, o CD Lugo B impúxose á Sarriana por seis a dous.



Lorenzo, adestrador do Viveiro, xunto a Pedro



O mariñao Adrián, do Santiago de Foz, co esférico

**1-1**

**MILA B-FERROVIARIA**
O único empate da xornada deuse no derbi da Frigsa entre Milagrosa B e Ferroviaria que competiron no mesmo grupo

**15**

**GOLES EN 40 MINUTOS**
O vibrante duelo entre Viveiro e Milagrosa C, nunha das finais en Burela, rematou cun 8 a 7 a favor dos celestes

### COPA PREBENXAMÍN VILALBA 1ª FASE

| RESULTADOS | |
|---|---|
| RC Villalbés A – Ribadeo | 4-0 |
| Stgo de Foz – Milagrosa | 3-2 |

EQUIPOS CLASIFICADOS: RC VILLALBÉS A, SANTIAGO DE FOZ

### COPA PREBENXAMÍN LUGO 1ª FASE

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Residencia – RC Villalbés B | 6-0 |
| CD Lugo B – Sarriana | 6-2 |

EQUIPOS CLASIFICADOS: RESIDENCIA, LUGO B

### COPA PREBENXAMÍN BURELA 1ª FASE

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Burela A – Ferroviaria A | 3-1 |
| SD Viveiro A – Milagrosa C | 8-7 |

EQUIPOS CLASIFICADOS: PORTO BURELA A, VIVEIRO A



Said, mediocentro da Piringalla, disparando a portería

### COPA PREBENXAMÍN MONTERROSO

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Monterroso – Corgo | 3-5 |
| Piringalla A – Sagrado B | 6-0 |
| Piringalla A – Corgo | 6-2 |
| Sagrado B – Monterroso | 3-1 |
| Corgo – Sagrado B | 3-0 |
| Monterroso – Piringalla A | 0-3 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| A PIRINGALLA "A" | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 |
| C.D. CORGO | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| SAGRADO "B" | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| MONTERROSO S.D. | 0 | 3 | 0 | 0 | 2 |

### COPA PREBENXAMÍN VILALBA GRUPO I

| RESULTADOS | |
|---|---|
| RC Villalbés A – CP Casás | 7-0 |
| DESCANSA: Milagrosa A | |
| Milagrosa A – Villalbés A | 1-3 |
| DESCANSA: CP Casás | |
| CP Casás – Milagrosa A | 0-11 |
| DESCANSA: RC Villalbés A | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| RC VILLALBÉS A | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| MILAGROSA A | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| CP CASÁS | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

### COPA PREBENXAMÍN VILALBA GRUPO II

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Stgo. de Foz – CP Lucense | 5-1 |
| DESCANSA: SD Ribadeo A | |
| SD Ribadeo A – Stgo. Foz | 1-4 |
| DESCANSA: CP Lucense | |
| CP Lucense – Ribadeo A | 2-3 |
| DESCANSA: Stgo. de Foz | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| STGO DE FOZ | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| SD RIBADEO A | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| CP LUCENSE | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

**24**

**EQUIPOS**
disputaron a primeira fase da Copa, que estreou formato. Os Cerdeiriños, en Monterroso, a Magdalena, en Vilalba, A Cheda, en Lugo, e A Marosa, en Burela acolleron as concentracións nas que se puxeron en xogo as oito prazas para a gran final do torneo.



Álvaro e Xoel, do Corgo, celebrando un gol

### COPA PREBENXAMÍN LUGO GRUPO I

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Residencia – Sarriana | 1-0 |
| Piringalla B – P. Burela B | 8-1 |
| Piringalla B – Sarriana | 1-5 |
| P. Burela B – Residencia | 0-8 |
| Sarriana – P. Burela B | 8-1 |
| Residencia – Piringalla B | 5-1 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA | 9 | 3 | 3 | 0 | 0 |
| SARRIANA | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| PIRINGALLA B | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| PORTO BURELA B | 0 | 3 | 0 | 0 | 3 |

### COPA PREBENXAMÍN LUGO GRUPO II

| RESULTADOS | |
|---|---|
| SD Antas – RC Villalbés B | 1-3 |
| DESCANSA: CD Lugo B | |
| Antas – Lugo B | 0-6 |
| DESCANSA: RC Villalbés B | |
| RC Villalbés B – CD Lugo B | 2-5 |
| DESCANSA: SD Antas | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| CD LUGO B | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| RC VILLALBÉS B | 3 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| ANTAS | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 |

### COPA PREBENXAMÍN BURELA GRUPO I

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Burela A – Abuin | 3-3 |
| Piringalla C – Milagrosa C | 0-4 |
| Piringalla C – Abuin | 3-0 |
| Milagrosa C – Burela A | 1-3 |
| Abuin – Milagrosa C | 1-3 |
| Burela A – Piringalla C | 4-0 |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| PORTO BURELA A | 7 | 3 | 2 | 1 | 0 |
| SCD MILAGROSA C | 6 | 3 | 2 | 0 | 1 |
| PIRINGALLA C | 3 | 3 | 1 | 0 | 2 |
| ATLETICO ABUIN | 1 | 3 | 0 | 1 | 2 |

### COPA PREBENXAMÍN BURELA GRUPO II

| RESULTADOS | |
|---|---|
| Ferroviaria A – Viveiro A | 0-5 |
| DESCANSA: Milagrosa B | |
| Milagrosa B – Ferroviaria A | 1-1 |
| DESCANSA: SD Viveiro A | |
| SD Viveiro A – Milagrosa B | 8-1 |
| DESCANSA: Ferroviaria A | |

CLASIFICACIÓNS

| Equipo | Pts. | X | G | E | P |
|---|---|---|---|---|---|
| S.D. VIVEIRO "A" | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| AD FERROVIARIA "A" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 |
| S.C.D. MILAGROSA "B" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 |



Martín, do Rácing Villalbés A, a piques de golpear o balón

# Lecturas positivas nun curso esixente

**A MILAGROSA** despediuse da Liga Galega infantil cunha clara derrota ante o campión deste grupo pola permanencia

**MILAGROSA 0 – 6 CONXO**

**Goles:** Jorge, Iván (3), Denis e Nicolás




**Arbitro:** Jorge Carballido, Jose Rodriguez, Antón Lodeiro **Campo:** López Gorgoso

"Una temporada complicada pero de la que todos salimos siendo mejores que a principio de curso" **MADRILES** Milagrosa

**1** **DEBUT** o porteiro Hugo Quiroga disputou os seus primeiros minutos en Liga Galega

O Conxo Santiago presentouse en Frigsa coa intención de sumar os tres puntos en xogo e alzarse co primeiro posto final neste grupo pola permanencia. Un posto ao que optaba tamén o Lalín, pero empatou na Coruña ante o Imperátor deixando pista libre aos composteláns en Frigsa.

A Milagrosa presentou batalla cun equipo con moitas ausencias no que destacaba a presenza de Hugo Quiroga baixo paus, debutando o porteiro na máxima categoría do fútbol infantil.

Pese a xogarse gran parte do encontro en campo da Milagrosa, o Conxo Santiago apenas puido crear perigo, salvo na acción do cero a un, ao cuarto de hora. A partir de aí e ata chegar ao descanso, os de Madriles disputaron os seus mellores minutos con ocasións para poder empatar o encontro, sendo as máis claras por medio de David, pero o porteiro visitante gañoulle a partida ao punta ata en dúas ocasións.

A Milagrosa chegou ao descanso con opcións de puntuar ante o mellor equipo desta segunda fase, pero co paso dos minutos no segundo tempo a luz da reserva acendeuse demasiado pronto.

A Milagrosa acusou o desgaste físico, sobre todo tralo cero a dous. A partir de aí xa non houbo máis partido en Frigsa.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| HUGO | 3 |
| LEO | 2 |
| RAÚL | 1 |



Leo a piques de regatear a un rival e internarse na área compostelá



Gonzalo fai un pase anticipándose á chegada de rival



Hugo e un xogador co Conxo Santiago loitando por un balón dividido no Luis López Gorgoso de Frigsa

## A Residencia regalouse unha última alegría na Liga Galega

**EN CARBALLO** os da Cheda impuxéronse por un gol a catro na última cita

**BERGANTIÑOS 1 – 4 RESIDENCIA**




**Goles:** David polo Bergantiños. Lucas, Nico G., Manu e Julio pola Residencia.

"Despedimos la Liga Gallega con una victoria. Esperamos volver pronto, es el lugar en el que merece estar la Resi" **CRISTIAN** SDC Residencia

A Residencia despediu a tempada da mellor forma posible, sumando os tres últimos puntos en xogo en Carballo ante o Bergantiños, sendo esta a súa segunda vitoria consecutiva a domicilio tras impoñerse tamén no derbi ante a Milagrosa en Frigsa.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| NICO G. | 3 |
| JULIO | 2 |
| IVÁN | 1 |

Cristian dirixiu nesta ocasión o equipo e a Residencia tivo unha posta en escena brillante na que monopolizou a posesión do balón e aos sete minutos Nico Gómez inaugurou o marcador co seu primeiro gol esta tempada.

Julio, Eric e Alonso dispuxeron das seguintes ocasións antes de que Manu aproveitase unha asistencia de Nico Gómez para levar o marcador ata o cero a dous ao descanso.

Na segunda parte, nada máis empezar, Lucas fixo o cero a tres e pese a que o Bergantiños recortou distancias, Julio evitou calquera amago de remontada co un a catro tan só cinco minutos despois para selar a vitoria e os últimos tres puntos en xogo esta tempada.

## Xa queda un día menos para a volta do Calasancio

**OS MONFORTINOS,** que sempre xogaron en Galega, teñen o ascenso xa en mente

**CALASANCIO 0 – 4 AROUSA**




**Goles:** Hugo (2), Alejandro e Javier para o Arousa

"Orgulloso de este grupo. Estoy seguro de que volveremos más pronto que tarde a esta competición" **MANU RODRÍGUEZ** CP Calasancio

A Liga Galega infantil perde esta tempada a un histórico. O Calasancio, ao descender a Provincial, deixa a súa praza na máxima categoría do fútbol infantil, unha competición na que xogou desde a súa creación, e era con Celta e Deportivo o único equipo.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| DALAMA | 3 |
| HUGO | 2 |
| GUITI | 1 |

Co descenso xa consumado a conta atrás para volver á Liga Galega xa está activada e quédalle un día menos.

A despedida foi en Monforte nun partido no que o Arousa se xogaba a permanencia e fíxose valer a súa maior necesidade de puntos. Ademais as ausencias de Denís, Cereijo e Lamús condicionaron un encontro no que o Calasancio honrou á competición e deu a cara unha vez máis pese a que o acerto e a contundencia nos metros finais correron a cargo do equipo que máis necesitaba os puntos, o Arousa.

Ao descanso o marcador era de cero a un e na segunda parte, nada máis empezar, chegou o cero a dous co que o encontro quedou practicamente visto para sentenza, pero o cero a catro final se antolla excesivo no Álex Blanco.

# Están preparados para o salto de categoría

## O LUGO B PECHOU A TEMPADA e os seus xogadores demostraron no treito final que están listos para xogar na División de Honra

| CD LUGO B | | | BERGANTIÑOS B |
|---|---|---|---|
| Gol: Nodar | 1 | 1 | Gol: Manuel |




**Arbitro:** Jesús Adan, Fernando Díaz e Sadoum Bahia **Campo:** Rodríguez Lago 1

**2 DEBUTS** os dos infantis Antón e Manu que disputaron os seus primeiros minutos na Liga Galega cadete. Moha, que xa se estreara, saíu por primeira vez dende o once inicial



O infantil Moha, que debutou no once inicial, a punto de centrar

### "Que bos rapaces, boas persoas e bos xogadores forman este grupo" SEOANE CD Lugo B

Punto e final á tempada para o Lugo B na Liga Galega cadete, competición na que conseguiron o obxectivo da permanencia de forma máis cómoda do que se podía pensar ao final da primeira volta. Ademais, o bo tramo final dos de Jose Seoane confirma que o groso do equipo está preparado para competir en División de Honra a próxima tempada.

O último encontro, sen nada en xogo a nivel clasificatorio por parte de ambos equipos, tivo ao Lugo B como actor principal ao levar a iniciativa no xogo e monopolizar as ocasións, sobre todo na primeira parte na que Nodar inaugurou o marcador ao aproveitar un rexeitamento do porteiro visitante.

Na segunda parte as forzas igualáronse un pouco máis e o Bergantiños B empatou cun gol á saída dun córner para establecer o definitivo empate a un no peche da temporada.


Nodar, autor do gol do Lugo, protexendo o balón nas Gándaras

| EF LALÍN | | | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| | 0 | 3 | |




**Goles:** Trasi, Álex e Veiga polo Viveiro

**Arbitro:** Diego Otero Varela

# Despedida con honores

## O VIVEIRO impúxose na última xornada ao Lalín por 0-3

### "Partido complicado de jugar en el que intentamos y conseguimos los tres últimos puntos en juego" LUCHI Viveiro CF

A igualdade durou vinte minutos, os primeiros do encontro, mentres se mantivo o cero a cero no marcador xa que, co cero a un que asinou Álex, o partido converteuse nun monólogo celeste.


Luchi dando instruccións aos seus xogadores no Marcos Blanco

O Viveiro tivo un complicado encontro para despedir a tempada na Liga Galega cadete xa que se mediu a un Lalín xa descendido. Luchi intentou mentalizar aos seus xogadores para despedir o curso con bo sabor de boca e o Viveiro fixoo tras impoñerse por cero goles a tres no Manuel Anxo Cortizo.

Antes do descanso, o Viveiro xa puido ampliar o marcador con varias ocasións claras sen finalizar pero sería na segunda parte na que Trasi, tras unha acción individual, ampliou a diferenza cun bo disparo logo de regatear a un defensa local no borde da área.

O cero a tres final asinouno Veiga á hora de xogo cun remate desde dentro da área.

Nos últimos vinte minutos o Viveiro non quixo facer sangue ante un rival que a próxima tempada competirá na Liga Provincial, deixando pasar o tempo ata o pitido final.

Con estes tres puntos o equipo celeste pechou unha competición na que foi de menos a máis, conseguindo con comodidade a permanencia unha tempada máis na categoría de prata do fútbol cadete.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| TRASI | ⚽⚽⚽ |
| LUIS | ⚽⚽ |
| LOUREIRO | ⚽ |

# Fin de curso para unha xeración que apunta moi alto

## GRAN TEMPADA do Lugo na División de Honra, a máxima categoría do fútbol cadete

| MONTAÑEROS | | | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| | 2 | 2 | |




**Goles:** Samuel e Dario F. polo Montañeros. Borja e Javi para o Lugo

**Arbitro:** Rodrigo García, Diego Moscoso, Lucas Reale

### "Grazas a todo o equipo por esta gran temporada da que nos fixeron disfrutar" MURADO CD Lugo

O Lugo cadete de División de Honra gañouse a pulso o cartel de mellor equipo lucense de categorías superiores. Os de Martín Murado asinaron unha gran tempada ante os mellores equipos de Galicia ademais de axudar ao cadete de Liga Galega coa cesión de xogadores durante moitas xornadas e de achegar outros tanto ao xuvenil A e ao xuvenil B. Todo iso sen perder comba a nivel competitivo e mantendo o soño do podio cunha espectacular xeira de vitorias na segunda volta.

As despedidas sempre son amargas pero esta xeración de xogadores fai que a espera para volver velos competir sexa levadeira. Por esta tempada a última cita foi na Coruña onde volveron demostrar a súa capacidade de sacrificio para empatar un encontro que perdían por dous goles a cero ao comezo da segunda parte.

O un a cero chegou na primeira metade e nada máis empezar a segunda chegou o segundo. O Lugo, lonxe de baixar os brazos, empatou á hora de partido por medio de Borja ao rematar un centro de Iago Fernández e, tan só nove minutos despois, Javi aproveitou o rexeitamento do largueiro tras un remate de Brian para sumar un punto e evitar a derrota na última xornada.


Yago trata de superar a un xogador do Estrada


O albivermello Juan na loita por un balón dividido


Cabarcos logo de gañar un dous para un

**MILAGROSA** 3 – 3 **ESTRADA**

**Goles:** Diego, Yago e Mario. | **Goles:** Iago, Marco e Hugo.




**Arbitro:** Jesús López, Silvia Folgueira e Tania María Penabad **Campo:** Frigsa


Rego, Madriles e o banquiño lucense, tralo asubío final

# A Liga Galega seguirá facendo escala en Frigsa

**A MILAGROSA ACADOU O ANSIADO PUNTO** e mantén a categoría tras empatar co Estrada no último encontro de Liga

A Mila seguirá sendo equipo da Liga Galega cadete a próxima tempada. Os de Madriles conseguiron o ansiado premio da permanencia tras un final de tempada marcado pola encarnizada loita co Victoria B.

O pasado sábado chegou á hora da verdade, na que a Mila xogaba nesta ocasión sen rede nin paracaidas. Un punto, como mínimo, valía unha permanencia mentres que unha derrota sería sinónimo de descenso.

O partido púxose de cara moi pronto. Cabarcos asinou un golazo cando aínda non se disputara nin

> "Gracias a los jugadores y a Rego en especial además de a todos los que de alguna manera nos ayudaron a conseguir el objetivo" MADRILES SCD Milagrosa

un minuto de partido, pero nada máis sacar de centro o Estrada, que non se xogaba absolutamente nada, demostrou que non viña a Frigsa de paseo.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA |
|---|
| DENIS |
| RAFA |
| PAJÓN |

As forzas fóronse igualando ata que na última xogada da primeira parte, tras unha falta no medio campo, o Estrada púxose por diante co un a dous co que se chegou ao descanso.

Os nervios apoderáronse dunha Milagrosa que se viu contra as cordas e ao bordo do KO co un a tres ao comezo da segunda parte. Con pouco máis de media hora por diante a Mila necesitaba dous goles para non perder a categoría. Os de Madriles, con máis corazón que cabeza, recuperaron o pulso co tres a dous que subiu ao marcador Yago.

En Frigsa xa se coñecía que o Victoria B gañara, polo que só valía puntuar e o premio chegou na recta final ao enviar Mario o rexeite dun córner, que el mesmo sacara, ao fondo das mallas ante o delirio total en Frigsa. Nos minutos finais, que foron eternos e demasiado longos ata que o árbitro decidiu poñer fin á agonía, a Milagrosa puido, por fin, respirar tranquila sendo de Liga Galega cadete.

# Meritorio cuarto posto final do Rácing Villalbés

**OS DE SIMÓN LAMAS** impuxéronse cun solitario gol de Iago Gesto e remataron a tempada cuartos con 60 puntos na Liga Galega cadete


O chairego Diego loitando por un balón dividido

**RC VILLALBÉS** 1 – 0 **DUMBRÍA**

**Goles:** Iago Gesto




**Arbitro:** Yago Amil, Alejandro Luna e Abdelouadoud Bouzakate **Campo:** Estadio Roca

> "Este grupo de xogadores está preparado para seguir competindo en categorías superiores. Ogallá non perdan nunca a ilusión e a capacidade de sacrificio" SIMÓN LAMAS Villalbés

O Rácing Villalbés pechou a súa participación esta tempada na Liga Galega cadete cun notable alto, rozando o sobresaliente nun curso no que estiveron sempre no grupo de cabeza. A última vitoria, ante o Dumbría, cun gol de Iago Gesto na segunda parte, foi un fiel resumo do que foi a tempada para os chairegos.

**OS MELLORES**

| RC VILLABÉS |
|---|
| MARTÍN |
| DANI |
| DAVID |

Viuse un Rácing coas ideas claras, consciente en todo momento do papel que quería trazar e executar. Nesta ocasión, conscientes de que o Dumbría presentábase con tan só un cambio no Roca, os de Simón Lamas quixeron o balón e movérono con rapidez con posesións longas coas que foron desgastando físicamente ao seu rival, destacando o dominio do encontro por parte dos tres mediocentros do Villalbés.

Na primeira parte xa houbo ocasións para romper o cero a cero inicial co que se chegou ao descanso. Ata catro moi claras polos chairegos e unha polo Dumbría na que Noel conseguiu despexar o balón sobre a liña de gol.

Mentres que na segunda parte mantívose o guión ata que Iago Gesto, cun remate desde dentro da área, fixo o un a cero. A partir de aí o Villalbés dominou e ata puido aumentar a diferenza cun gol anulado a Candal e cunha boa ocasión de Javi, que tivo unha gran resposta do porteiro visitante. No treito final o Dumbría buscou o empate, pero o Rácing sacou a relucir a súa solidez defensiva.

# O Viveiro remata ao grande

## 16 PARTIDOS CONSECUTIVOS SEN PERDER e só unha derrota na espectacular segunda volta dos mariñaos na Liga Galega xuvenil

| BOIRO | | | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| Goles: Felipe (2) e Alejandro. | 3 | 3 | Goles: David, Xabi e Macly. |




**Arbitro:** Pedro Mirazo, Marcos Castro e Raúl Freire **Campo:** Municipa de Barraña.

**5 MESES** sen perder acumulan os de Antonio Serrano. A última derrota do Viveiro foi o 12 de xaneiro no primeiro partido tralo xa tradicional mal dos paróns dos mariñaos

### "Gracias a todos por este gran año en el que disfrutamos juntos"

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

O Viveiro puxo o punto e final a unha tempada que os de Antonio Serrano pecharon cun notable alto, rozando un sobresaliente que si que sacaron na segunda volta do campionato no que tan só perderon un encontro e puxeron o broche final con 16 encontros consecutivos sen perder na Liga Galega xuvenil.

A última cita foi fai dúas semanas nun partido adiantado á última xornada, na que Boiro e Viveiro ofreceron unha oda ao fútbol nos primeiros corenta e cinco minutos nos que o numeroso público que se citou para ver o encontro gozou de ata seis goles na primeira parte.

O un a cero chegou pronto, pero o Viveiro apeló á calma e tras un gol anulado a Jairo, Macly, cunha acción individual, fixo o empate a un.

Xabi cun remate de cabeza á saída dun córner e David Ben tras aproveitar un agasallo de Jairo, que roubou o balón cunha boa presión alta, levou o marcador ata o un a tres cando aínda non se cumprira a media hora inicial de xogo.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| JUAN | 3 |
| MACLY | 2 |
| LUIS | 1 |



Iván anticipándose a un rival nun partido xogado no Marcos Gómez

O Viveiro tomouse un respiro e o Boiro aproveitouno para marcar dous goles practicamente consecutivos para chegar ao descanso con empate a tres no marcador. Na segunda parte o carrusel de cambios baixou a intensidade e o ritmo, con bos minutos dos cadetes Luís e Trasi e un carrusel de ocasións sen finalizar do Viveiro coas que puido levarse todo o botín en xogo en Boiro no último encontro da tempada.

# Non houbo carambola e o Calasancio descende

## O EMPATE no campo do actual campión de Liga non evitou o descenso

| OURENSE CF | | | CALASANCIO |
|---|---|---|---|
| | 1 | 1 | |




**Goles:** Iago polo Calasancio; Brais polo Ourense.

### "Primeiro de todo darlle ánimo a Nico pola lesión. A tempada foi irregular e agora toca descansar e traballar máis que nunca para volver canto antes a esta competición"

CARLOS FONTAL CP Calasancio

O Calasancio perdeu a categoría. Os monfortinos chegaban con opcións de permanencia á última xornada pero sen depender deles mesmos, aínda que coa única condición imprescindible de gañar no campo do actual campión de Liga.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| ABEL | 3 |
| IAGO | 2 |
| BUTI | 1 |

O Calasancio empatou, pero aínda que gañase tamén descendería xa que o resto dos resultados tampouco acompañaron. Os de Carlos Fontal exprimieron as súas opcións asinando un bo partido.

Na primeira parte o Ourense foi lixeiramente superior e adiantouse no marcador, pero na segunda parte o Calasancio foi moito mellor. Empatou cun gol de Iago e iniciou un asedio sen derruba que lles condenou ao descenso pese a merecer con creces os tres puntos en xogo en Ourense.

# Un final xa moi agardado

## BEGONTE DE PORTEIRO para despedir o curso na Coruña

| MONTAÑEROS | | | RESIDENCIA |
|---|---|---|---|
| | 5 | 1 | |




**Goles:** Álex (2), Iván e David (2) polo Montañeros; Mario pola Residencia.

**Arbitro:** Óscar Regos, Andrés Lizzi e Andrés López



Javi Reigosa e Fonseca nun lance do partido da primeira volta

### "Por fin remata unha tempada na que tivemos demasiados altibaixos"

ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia

Chegou o final de tempada tan esperado pola Residencia, que pese a conseguir o obxectivo da permanencia no seu ano de regreso á Liga Galega xuvenil, tivo unha complicada tempada por diante na que foron moitos os altibaixos que afrontaron e superaron os da Cheda, sendo o último deles afrontar o último partido da tempada a domicilio con Begonte xogando de porteiro desde o asubío inicial.

Nin Montañeros nin Residencia se xogaban nada, pero os herculinos foron algo máis intensos e con iso desnivelaron o marcador ao seu favor con claridade.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| BEGONTE | 3 |
| PEDRO | 2 |
| REIGOSA | 1 |

Begonte luciuse cunha boa intervención antes de que pasada a media hora de partido chegase o un a cero, marcador co que se chegou ao descanso en San Pedro de Visma.

Tralo paso polos vestiarios o Montañeros subiu un punto de intensidade e con iso descolgou por completo do partido a unha Residencia que iniciou corenta e cinco minutos antes de tempo as vacacións.

O marcador empezou a crecer a favor dos locais, e chegou a ser de catro a cero antes de que a falta de dous minutos Mario recortase distancias co gol da honra para unha Residencia que aínda encaixou un tanto máis co definitivo cinco a cero, xa no tempo de desconto.

Ao final, en liñas xerais boa tempada para unha Residencia que, por potencial, debeu ter un curso moito máis tranquilo.

# O Rácing Villalbés pecha o curso cos obxectivos acadados

**OS DE CHOLAS EMPATARON EN PONTEVEDRA** nun encontro marcado polas altas temperaturas e os catro cadetes que supliron as ausencias na última cita da tempada

O Rácing Villalbés xuvenil aprobou con nota a tempada. Ata por encima das mellores das previsións os chairegos puxeron o punto e final a un curso espectacular no que sempre estiveron máis preto dos postos de ascenso que de descenso na Liga Nacional, conseguiron o ascenso á Liga Galega e catro xogadores tiveron minutos ao longo da tempada no primeiro equipo de Terceira División.

A despedida estivo á altura do éxito. Cun domingo perfecto no que o xuvenil B arroiou ao Calasanz no Roca e selou a súa volta á categoría de bronce do fútbol xuvenil e co punto conseguido en Pontevedra ante o Lérez nun partido marcado polas ausencias, as altas temperaturas e sobre todo pola gran aportación dos catro xogadores cadetes que citou Cholas.

Conscientes de que tan só tiñan un cambio, os chairegos levaron o partido a donde máis lles interesaba. Xuntaron filas en repliegue descolgando a Herrero e Moreda en punta. Precisamente Moreda foi o autor do cero a un nunha acción individual na que forzou un penalti que el mesmo transformou.

Xa na segunda parte o Lérez empatou moi pronto e ao Villalbés empezáronlle a pesar as pernas, pero unha vez máis sacaron forzas de flaqueza e Rares fixo o un a dous tras un roubo de balón que culminou cunha semi vaselina ante o porteiro local, á vez que o Villalbés volvia ter o partido controlado malia que na recta final o Lérez sumou un punto ao empatar o encontro co dous a dous definitivo.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| RARES | 1 1 1 |
| GESTO | 1 1 |
| MOREDA | 1 |

**CD LÉREZ** — Goles: Mario e Iván. **2**

**RC VILLALBÉS** — Goles: Rares e Moreda. **2**




**Arbitro:** Alberto Gómez, Pablo García e Álvaro Arosa **Campo:** La Junquera, Pontevedra

> "Permanencia holgada, ascenso del B a la Liga Gallega y debut en Tercera División de cuatro juveniles. Objetivos de la temporada cumplidos gracias a un grupo de trabajo magnífico con Iván Lamas y Nanito. Felicidades a los jugadores por conseguirlo y gracias al Club por la confianza diaria y por poner todo de su parte para conseguirlo" CHOLAS RC Villalbés



Rares desbordando a un xogador rival pola banda no Roca



Herrero conducindo o balón nun partido disputado en Vilalba

# Vacacións anticipadas no Lugo B

**A RELAXACIÓN LUCENSE EN VILAGARCÍA DE AROUSA** desencadenou no único borrón do espectacular treito final de tempada co que acadaron a permanencia con suficiencia



Porto, co balón controlado, nun partido xogado na Cheda

**AROSA** — Goles: Pablo, Nico, Bruno (2) e Ángel **5**

**CD LUGO B** — Gol: Álex Ramos. **1**




**Arbitro:** Luis Lois, Alfonso Barrerio e Adrián Tesouro **Campo:** Manuel Jiménez, Vilagarcía

> "Sembramos 1 quilo de confianza, respeto e humildade e recollemos unha tonelada. Grazas deportistas e grazas Diego Cabo" MOURELOS CD Lugo B

O Lugo B tomou unha semana antes de tempo unhas vacacións, que pese a chegar con antelación, son moi merecidas. O espectacular sprint final de tempada do Lugo B tan só tivo este borrón ante un equipo xa descendido que quixo despedirse da Liga Nacional xuvenil cunha alegría e fixoo ao grande tras impoñerse por cinco goles a un.

O vento condicionou o partido desde os primeiros minutos nos que xa se palpaba no ambiente que sería un partido incómodo para o Lugo B.

Co Arosa máis intenso e adaptado ao campo e o vento, o un a cero non tardou en chegar e tras algunha chegada illada, ao cuarto de hora o Arosa inaugurou o marcador.

Á media hora chegou o dous a cero e no tramo final da primeira parte os locais cheiraron sangue e foron directos á ferida lucense para sentenciar o encontro con dous goles máis para chegar ao descanso con catro a cero no marcador.

No vestiario Mourelos reactivou aos seus e o Lugo B tivo unha boa posta en escena chegando a recortar distancias cun novo gol de Álex Ramos e dispoñendo de varias ocasións para poder soñar con meterse de novo na loita polos puntos, pero o Arosa, co cinco a un final, sentenciou o encontro por completo.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| MARTÍN | 1 1 1 |
| VILA | 1 1 |
| PORTO | 1 |

# CAMPUS
# RC Celta de Vigo

**O SAGRADO CORAZÓN** traerá a Lugo esta actividade que se desenvolverá entre os días 8 e 12 de Xullo nos Campos Municipais José María Rodríguez Lago, nas Gándaras




A Asociación Cultura e Deportiva Sagrado Corazón segue presentando actividades. A última confirmouna a semana pasada de cara a este verán, e como xa ocurriu no pasado mes de abril, será da man do Real Club Celta de Vigo, a través da súa Fundación, xa que se celebrará do luns 8 ao venres 12 de xullo o Campus de verán celeste nos Campos Municipais José María Rodríguez Lago (As Gándaras) sendo o club capitalino a entidade colaboradora no mesmo.

Este Campus está destinado a nenos e nenasde entre 4 e 16 anos e os inscritos poderán gozar dunha semana de adestramentos, diversión, compañeirismo e moito fútbol da man dos mellores adestradores da canteira celeste.

O horario da actividade será matinal todos os días, de 10:00 a 14:00 horas, a excepción do último día (venres 12) que se prolongará ata as 17:00 horas. Os participantes recibirán o almorzo a media mañá, unha equipación oficial Adidas do Campus e os inscritos antes do 31 de maio recibirán unha segunda camiseta de forma gratuita.

**Prezos e inscricións**

O prezo da actividade será o seguinte:
Xeneral: 132 euros. Xogadores/as da ADC Sagrado Corazón: 119 euros. Xogadores/as con dereito a desconto (consultar nas bases): 119 euros. Para tramitar a alta do xogador/a neste Campus, as inscricións poden realizarse desde hoxe mesmo, e ata o 30 de xuño como data límite, a través da páxina oficinal do RC Celta de Vigo e na oficiña da ADC Sagrado Corazón.

Para máis información pódese falar co club en: info@fundacioncelta.com, chamando ao 986 213 676. No email club@adcsagradocorazon.es ou na oficina da ADC Sagrado Corazón que está no campo das Gándaras.

**50 xogadores e xogadoras do club coñeceron Balaídos e presenciaron en directo o último encontro desta tempada**

A viaxe organizada polo club, grazas á invitación da Fundación Celta, consistiu nunha visita ao Museo do club celeste, baixar a pé de campo para ver o quencemento dos xogadores e posteriormente reunirse xunto ao Presidente do club vigués: Carlos Mouriño. O máximo dirixente do club olívico estivo durante dez minutos cos xogadores corazonistas e ademais deulles bos consellos para que sempre gocen co fútbol. Tras agasallar cunha bufanda a todos os nenos/as, posteriormente toda a expedición desprazouse á grada para ver o partido.